

ARTESANÍA DE GALICIA no Courel

3 - 7 AGOSTO

ARTESANÍA •
OBRADOIROS •
OFICIOS •
NATUREZA •



ARTESANÍA DE GALICIA no Courel

A gran reserva verde de Galicia, acolle este verán por segundo ano consecutivo, do **3 ao 7 de agosto**, un atractivo programa de obradoiros de artesanía para achegar aos seus visitantes o saber facer dos profesionais do sector artesán galego, e contribuír á difusión do valor engadido dos produtos artesanís. A serra do Courel, atravesada polo río Lor, é unha paraxe natural de incalculable beleza. As súas montañas son percorridas, ano tras ano, polos amantes do sendeirismo na procura de natureza no seu estado máis agreste e vivo.

Localizacións

Folgozo do Courel no Centro Sociocultural Fondo de Vila e a aldea de **Parada** na Fundación Uxío Novoneyra, na antiga escola unitaria e no aloxamento rural A Carbiña converteranse en espazos nos que sentir a artesanía, a cultura e a natureza. Os visitantes poderán coñecer de preto a esencia de Galicia. Para elo dende a Fundación Pública Artesanía de Galicia organizouse un programa dividido en obradoiros con prazas limitadas que requiren inscrición previa, e obradoiros abertos para toda a familia sen inscrición.





Obradoiros en Folgoso do Courel:

OBRADOIROS GRATUÍTOS ABERTOS AO PÚBLICO ADULTO E INFANTIL:

OBRADOIRO: INICIACIÓN AO TORNO CERÁMICO

Impartido polo ceramista Carlos San Claudio (Vigo)

As persoas asistentes elaborarán no torno pezas de barro mediante as técnicas da olería tradicional galega.

Data: Do 3 ao 7 de agosto

Horario: 10:30 -13:30 / 16:30 – 19:30

📍 **Centro Sociocultural Fondo de Vila**

OBRADOIRO: APRENDENDO A TECER

Impartido polos artesáns María José Martínez e José Antonio Carrera - Vigo (Pontevedra)

As persoas asistentes aprenderán ás técnicas básicas para o manexo do tear e outros procedementos artesanais téxtiles fundamentais como o fiado.

Data: Do 3 ao 7 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 / 16:30 - 19:30

📍 **Centro Sociocultural Fondo de Vila**



Obradoiros en Parada:

OBRADOIROS CON INSCRIPCIÓN PREVIA:

OBRADOIRO: INICIACIÓN Á OURIVERÍA

Impartido pola ourive Susi Gesto - Santiago de Compostela (A Coruña)

As persoas asistentes traballarán as técnicas de ourivería tradicional, creando unha xoia que deseñarán sen ningunha limitación creativa.

Data: Do 3 ao 7 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 /16:00 - 18:00

Nº de alumnos: 5 / Prezo: 20 euros

Inscripcións en:
artesianiadegalicia.xunta.gal

📍 **Antiga Escola Unitaria de Parada**

OBRADOIRO: RESTAURACIÓN DE MOBLES DE MADEIRA

Impartido polos artesáns Sabela Fuentes e Xan Barcala do obradoiro A Factoría Atelier - O Grove (Pontevedra)

Seguindo o principio das 4 R's do obradoiro dos docentes "Reducir, Reutilizar, Reparar e Reciclar", as persoas asistentes darán nova vida a mobiliario das antigas escolas unitarias a través de diversas técnicas artesanais de restauración.

Data: Do 3 ao 7 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 /16:00 - 18:00

Nº de alumnos: 5 / Prezo: 20 euros

Inscripcións en:
artesianiadegalicia.xunta.gal

📍 **Antiga Escola Unitaria de Parada**



Obradoiros en Parada:

OBRADOIROS CON INSCRIPCIÓN PREVIA:

OBRADOIRO: ESTAMPACIÓN TEXTIL

Impartido pola artesá e deseñadora Natalia Moreno - Baiona (Pontevedra)

As persoas asistentes aprenderán a crear composicións armónicas e o uso da cor para crear diversos deseños. Unha vez rematados os deseños, poderán estampalos artesanalmente sobre téxtiles naturais como o liño ou o algodón. Posteriormente crearase un bolso cos tecidos estampados e se lle colocarán unhas asas de pel de vaqueta.

Inscripcións en: artesianiadegalicia.xunta.gal  **A Carbiña**

Data: Do 3 ao 5 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 /16:00 - 18:00

Nº de alumnos: 6 / Prezo: 20 euros

Data: Do 6 ao 7 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 /16:00 - 19:00

Nº de alumnos: 6 / Prezo: 20 euros

OBRADOIRO: INICIACIÓN Á MARQUETERÍA

Impartido polo artesán restaurador de instrumentos musicais e luthier Régis Floury - Baiona (Pontevedra)

As persoas asistentes aprenderán a realizar unha marquetería sobre unha caixa de madeira. A partir dun debuxo escollido por un mesmo, elixirán as cores coas diferentes chapas de madeira que haberá a disposición dos asistentes. Aprenderán a construír un paquete coas chapas, recortalas coa segueta e montar a marquetería, encolándoa sobre a caixa para finalmente realizar os remates precisos.

Inscripcións en: artesianiadegalicia.xunta.gal  **Fundación Uxío Novoneyra**

Data: Do 3 ao 5 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 /16:00 - 18:00

Nº de alumnos: 6 / Prezo: 20 euros

Data: Do 6 ao 7 de agosto

Horario: 10:30 - 13:30 /16:00 - 19:00

Nº de alumnos: 6 / Prezo: 20 euros



Obradoiros en Parada:

OBRADOIROS GRATUÍTOS ABERTOS AO PÚBLICO ADULTO E INFANTIL:

OBRADOIRO: BORDADO SOBRE FOTOGRAFÍA

Impartido pola artesá Minia Banet do obradoiro Variopinto - Santiago de Compostela (A Coruña)

Neste obradoiro as persoas asistentes aprenderán a bordar sobre papel intervindo antigas imaxes da serra do Courel e arredores, empregando postais e fíos de bordado e creando texturas mediante diferentes puntos.

Data: Do 3 ao 7 de agosto

Horario: 10:30 -13:30 / 16:00 – 19:00

📍 **A Carbiña**

OBRADOIRO: O DEBUXO. UNHA FERRAMENTA PARA TOD@S

Impartido pola ilustradora e debuxante Iria Ribadomar do obradoiro Deica! Creacións - Santiago de Compostela (A Coruña)

O debuxo é unha ferramenta de expresión tanto do real como do imaxinario, e todas e todos podemos utilizala. Aprenderemos os pasos que dar para comezar a adestrar o noso ollo e a man para poñelos ao servizo da nosa creatividade.

Data: Do 3 ao 7 de agosto

Horario: 11:00 -14:00 / 17:00 – 20:00

📍 **Fundación Uxío Novoneyra**

OBRADOIRO: CESTERÍA COLABORATIVA

Impartido pola artesá Julia de la Cal do obradoiro La Parabólica - O Porriño (Pontevedra)

Neste obradoiro crearase unha estrutura traballando de xeito colaborativo entre todas as persoas que se acheguen á Fundación Uxío Novoneyra, empregando a técnica de tecido intuitivo.

Data: Do 3 ao 7 de agosto

Horario: 11:00 -14:00 / 17:00 – 20:00

📍 **Fundación Uxío Novoneyra**

ORGANIZA:

Fundación Pública Artesanía de Galicia. Xunta de Galicia

📧 @artesanía_de_galicia

📘 @fcgadpage

artesianiadegalicia.xunta.gal

centro.artesanía@xunta.gal

Información Folgoso do Courel:

folgosodocourel.com

